

AS SAÍDAS EN BICI

Nos primeiros veráns empecei a saír cos rapaces. Fomos varias veces a pé ao Pico de Ferreira, ao Castelo de Moeche e ao de Narahio ... Unha das veces subimos un bo cacho polo mesmo río Castro para así asaltar a Fortaleza sen ser descubertos. Recordo que **Juan Gavín** esvarou por unha pena e levouse unha ducha inesperada. Non pasou nada, pero o susto foi grande, xa que Juan nunca foi dos de cabeza dura e os croios do río si que o eran. Despois, inspeccionando o Castelo e seguros de que nin Piñeiro, nin os Andrade, nin a Duquesa de Alba andaban por alí, tomamos posesión pacífica da Torre. O malo foi que **Guillermo Romero**, para asegurarse máis e comprobar que non había ninguén escondido no burato da tranca, meteu ata ao fondo un garabullo ao tempo que berraba: “*se queda alguén, que saia*”. Efectivamente saíu un enxame de avespas que lle puxeron a cara como un pan. Elas eran as donas e demostrárono. Alí mesmo merendamos para coller folgos antes de dar volta. Tivemos que traer a **Guillermo** pola man, pois non vía nadiña e nós tampouco lle víamos os ollos. Cando chegou á casa Maruja dubidaba se aquel fenómeno sería o seu fillo. Menos mal que non era alérxico ao veneno das avespas.

Como os rapaces pasábano ben, argallamos de alongar as saídas. Fomos varias veces a San Andrés de Teixido, pero sempre en bici. Pasabámola noite na praia de Vilarrube ou Cedeira e tamén no tele club de Teixido. O sono estaba escorrentado; non se atrevía a chegarse preto de nós. Tamén o crego de San Andrés –que nos dera a chave do tele club– avisounos que nos ía declarar veciños non gratos por tanta bulla que se escoitara de noite. Por un si es caso, preferimos apostar por Vilarrube onde as fadas mariñas serían as únicas compañeiras. Mentres non mercamos as tendas (despois do agasallo do 75) pola noite usábamos unha tenda vella e unha lona, máis vella aínda, que nos prestara Marica do forno.

Nunha das veces desde o Santuario baixamos ao bravo mar para roubarlle un saco de mexillóns e outro de percebes. Non foi difícil collelos porque o mar, ao ver a nosa furia, recuou e deixou ao descuberto todos os seus encantos: mexillóns e percebes estaban esperando por nós en gran cantidade; o complicado foi subilos desde o mar por aquela costa tan empinada. Fomos repartindo a carga e demos chegado, aínda que con poucos folgos. Leváramos no coche, xa adrede, dúas potas e puxémonos a cocelos. Aquilo foi a gloria; sen sal nin adobo, pero como sabían! Eu non

lembro outros que mellor me souberan. Liquidamos as dúas potas. Se máis se houberan collido, máis se comían. **Carlos de Corrás** xa empezou a demostrar aí as súas dotes culinarias, que despois confirmaría en moitas ocasións. Tamén demostrou nunha desas viaxes que as curvas da baixada a San Andrés son de armas tomar, que non se pode pillar ao dereito o que está torcido. Desconfiando dos freos, subiu como unha cabra polo terraplén. Como quedou a roda dianteira! Pero peor foi o que lle pasou a **José Antonio de Granado** ao esvarar na mesma carreteira e ir a rolo. Esnafrouse tododiño! Achegueino ao médico a Cedeira, onde lle fixeron as curas das feridas. O practicante recomendoume que o levara para a casa. Cando chegamos a Agra, Sofía púxose toda nerviosa pensando que a cousa era máis grave. Como traía a cara vendada non se vía o que había por debaixo. Por iso ela desconfiaba das nosas palabras. Daquela non levaban cascos, nin botas, nin traxes especiais. Hoxe vemos un ciclista e dubidamos se é un marciano. O noso grupo estaba ben claro que éramos terrícolas. Case íamos espidos.

As saídas a San Andrés parecíannos pan comido. Todos querían ir máis lonxe. Por iso armamos a primeira viaxe: Ortigueira, Viveiro, Foz, Ribadeo, Mondoñedo, Vilalba, Sansa. Isto xa eran palabras maiores. Nas xuntanzas que facíamos démoslle voltas ao proxecto e puxémoslle peito. Durante varios anos fixemos este recorrido. Aínda que agora xa tiñamos tendas para durmir, os medios con que contabamos eran pobres. As mesmas bicis, exceptuadas dúas ou tres, xa estaban cansas de dar voltas por este mundo e pedían ir ao inferno da chatarra. **Carlos Dorado** foi sempre nunha de muller e de paseo, con roda pequena. Precisamente por iso estando no campeiro na praia das Catedrais pasounos unha anécdota ben curiosa. As bicis estaban arrimadas a un valado e os rapaces empezando a preparar a comida. Era **Carlos de Corrás** quen adobiaba unhas chuletas e outros preparaban patacas para fritir; eu estaba arranxando algo no coche, un pouco separado. Nesto aparece a parella de Gardas Civís. Pasan por xunta aos rapaces sen dicir nada; pero ao pouco volven. Diríxense a eles e pregúntalles de onde son. Contan a verdade: *“somos de San Saturnino, de cerca de Ferrol”*. O Gardaponse serio e repite a pregunta. A resposta volve a ser a mesma. Ollan os Gardas para as bicis e tratan de confirmar que lles están tomando o pelo: *“Pero... con esas bicis venís desde Ferrol?”* Eu percibo que a cousa se está poñendo moura, vou para xunta deles, explico a

valentía dos rapaces e das bicis e os Gardas, sen moito convencemento, déixannos en paz.

O mesmo **Carlos Dorado** unha das veces, pasadas as Pontes e subindo as curvas de Espiñaredo, non podía máis. Ocorréusenos atar o guiador da bici á traseira do meu coche para axudarlle a subir a costa. A idea non era mala; pero Carlos, que sempre andaba de broma, vai e solta as mans do guiador e no mesmo momento levo a bici arrastras polo chan. Como era baixiña, Carlos apareceu de pé, e, naturalmente rindo a graza. Non nos causou tanta risa, cando estando acomodados –nunha viaxe posterior- na praia de Covas (Viveiro) aparecen os pais de Carlos preguntando se sabíamos algo del. Faltaba da casa e, aínda que non falara nada de vir connosco, eles os pobres chamaban nas portas onde lles parecía que podía estar. Notámoslos contrariados. Non tardaron en saber que estaba nunha comuna de hippys. Era o gripo que padecía a xuventude da época.

Para completar as anécdotas conto que tamén nunha das veces, estando na praia de Foz, deixounos **Toñito Romero**. Despediuse de nós dicindo que ía dar a volta a España en bici. Non nos resultou nada novo porque xa o sabíamos. Descoñecíamos cando nos abandonaría, pero xa en Sansa faláramos do tema e os pais deran o consentimento. El intentara buscar compañía entre os compañeiros da “Jorge Juan” de Xubia para realizar esa proeza; pero ninguén se sumou. O risco era grande. De feito Toñito chegou a Zaragoza, regalou a bici e veuse en tren ata Santiago para acougar un pouco con amigos que tiña alí. Toda unha historia.

En Ortigueira, Viveiro e Foz montábamnos as tendas ao lado das praias. Daquela non había ningún problema nin tampouco ningún control. Soamente unha vez botounos a Policía municipal da praia de Covas; tivemos que desmontar todo e írmonos para o Naseiro. Alí as curuxas ríronse de nós toda a noite. Foi unha noite escura, inqueda, e con visitantes raros. Lembranza tenebrosa.

En Mondoñedo ocupábamnos algunha dependencia do Seminario; e en Vilalba tamén usábamnos ás veces outras do Centro Parroquial; non obstante, un ano que nos coincidiu coas festas do San Ramón, acampamos nun campeiro da familia Fraga. Pasamos máis frío que no Polo Norte. Non sabíamos que as noites vilalbesas eran tan frías. Que noite! En As Pontes sempre aproveitamos a Carballeira da Fraga. Moi bo sitio.

Estas saídas pola ruta Norte fixémoslos entre o 1975 e o 79 (?). No 1980 emprendemos nova fazaña. Ese ano celebrábase en Os Peares a 3ª Romaxe de Crentes Galegos. Falamos de ir ata aló nas bicis. Discutimos o proxecto. Foron uns sete ou oito os que se animaron. Aquí a selección natural fixo estragos; coma sempre cebouse nos máis febles e nas bicis máis cativas. Dividimos as etapas: Vilalba, Lugo, Os Peares, Ourense, Santiago, Pontedeume, Sansa. Todo un soño. Fervía a ilusión.

En Vilalba acougamos na Chouzana do amigo [Pepe Chao](#). Non fixo falla montar tendas nin case nada. Foi un pracer gozar do agarimo de Pepe ao tempo que el admiraba a ousadía dos rapaces. Estes ficaban admirados por todo o que vían: libros e máis libros, lareira, recunchos máxicos ... que lle daban á Chouzana un aire de misterio acolledor. En Lugo fomos para unha carballeira que eu coñecía na zona de Fingoi, preto da Casa de Exercicios. Pouco sono. Ao día seguinte, venres 14 de setembro, encaramos rumbo a Os Peares. Foi duro. Pensamos que non dábamos chegado. Os medos desapareceron ao albiscar o empezo da baixada cara ao pantano. Que alivio! Os rapaces descansaron ao chegar á meta; a min aumentáronme as preocupacións como relato noutro apartado cando narro o das Romaxes. A noite foi divertida porque había romeiros irimegos con ganas de celebrar e pouco durmir. O canto que fixo máis graza foi: *“O galo canta, a galiña chora, porque os pitiños quedaron fora”*. Repetiuse ata o aburrimiento. Cando parecía que a cousa amainara e que todos durmían, alguén berraba: *“E que fai o galo?”*. E todos a repetir o sonsonete. Durante todo o sábado desentendínme deles. Para a comida arrimáronse aos 60 romeiros que foran de Sansa en autocar. Xa á tardiña, despois da actuación dos rapaces de Benposta, baixamos para Ourense. Acampamos na beira do Miño. Noite de acougo e descanso. Non soaron nin galos nin pitiños. Durmimos acariñados co sorriso ledado da lúa e abanicados co ruxe ruxe do pai Miño. Ao día seguinte esperábannos outros cen quilómetros para chegar á meta de Santiago. Erguemos cedo. Ás dez empezou o pedaleo. **Tomás de Corrás** non se atopaba moi animado, pero arrancou con todos. Despois duns poucos quilómetros, vendo que todo ía normal, déixoos, adianto camiño para ir preparando o xantar. Alá polas doce preséntanse **Pascualín e Ricardo**: *“Que Tomás está mal. Ten que ir buscalo. Os outros quedaron con el para acompañalo”*. Explícanme por onde quedou, e cambiamos as tarefas: eles amañar a comida e eu na busca dos compañeiros. Vou ollando para ver de atopalos e nada; que non vexo a

ninguén. Sego ata Ourense, ao mesmo sitio onde durmíramos, e tampouco. Volvo de novo cara Santiago e por fin dou con eles. Cando eu pasara estaban nun bar procurando refrixerio para Tomás. Dixéronme que deixaran as bicis fora para que as vira, pero eu non buscaba bicis senón persoas. Descompuxemos a bici para acomodala no coche e co enfermo de copiloto tiro de novo para onde estaban os cociñeiros. Que mañanciña máis accidentada! A peor de todas as nosas andainas. Cando escribo isto, despois de tantos anos, penso que hoxe na era dos móbiles xa non se comprende como éramos capaces de vivir sen estes trebellos. Pero o conto é que vivimos e tiramos para adiante. Quizabes dando máis voltas das que temos que dar hoxe, como me pasou a min nesta circunstancia. Hoxe creámonos outras necesidades e escravitudes, p.e. ter que mandarlle un wasap a tres amigos a cada quilómetro andado simplemente para dicirlle unha ocorrencia. Pasamos a noite no salón de reunións da Parroquia do Castiñeiriño. O Cura, **Pepe Ferreiro**, preparou manzanilla e algún xarope máis para Tomás. Logo mellorou. Durmimos con ansia. Ganáramos o sono a pulso. Aquí tampouco soaron nin galos nin pitiños.

Ao día seguinte esperábanos Pontedeume. Que lonxe se vía!. O Apóstolo, bo amigo dos esforzados camiñantes, deunos a bendición e saímos ledos sabendo que íamos de volta cara á casa. Nada especial na camiñada. Ao día seguinte, á hora de xantar, entrábamos en Sansa triunfantes por ter cumprido co propósito que nos propuxéramos. Sentíamos na alma –único sitio onde se sente- o aplauso dos anxos. E por riba, grazas a Deus, víñamos todos sans e salvos.

En vista que esta nos saíra ben, ao ano seguinte quixemos repetir algo parecido. O Romaxe ía ser na Lagoa de Castiñeiras (Pontevedra) o día 12 de setembro. Pois alá imos. Teño un pouco borroso na memoria esta xira e a do ano seguinte. Poida que algunhas cousas se mesturen. Aquí si que boto de menos aquel caderno no que íamos anotando o que nos pasaba. Era unha especie de diario. Cada día un do grupo tiña ese cometido. Cando me fun de Sansa quedou na sala parroquial pretiño da multicopista. Onde andará? Se alguén sabe del que avise. Certo que a primeira etapa foi ata Santiago e que se complicou abondo porque na zona de O Mesón do Vento empezou a chuvia e tivémonos que abeirar algo. Iso non entraba nas nosas previsións. Contrariounos un pouco.

Creo que en Santiago volvemos a usar as dependencias da Parroquia do Castiñeiriño. Ao día seguinte xantamos na carballeira de Caldas de Reis, sitio encantador preto do río Umia, e á tardiña acougamos na sala de reunións da Parroquia de Praceres (Pontevedra), onde segue exercendo o bo amigo **Xesús Acuña**. O sábado houbo que erguerse cedo porque a subida ata Coto Redondo onde está a Lagoa de Castiñeiras esixe esforzo non pequeno. Unha vez encamiñados, eu funme porque me esperaban as tarefas da Romaxe e os dous autobuses con xente que chegaría de San Sadurniño. O xantar, como a do ano anterior, arranxouse ben arrimándose ás familias de romeiros.

De volta sei que tomamos posesión da Illa da Toxa. Buscamos recuncho entrando á dereita e izamos a nosa bandeira. Por un se es caso non baixamos as cousas do coche. Como andaban os municipais dando voltas por alí, tivemos que montar as tendas xa case ás escuras dando tantos golpes nos dedos coma nos cravos das tendas. Pero a noite foi tranquila. Din que durmir á sombra dos ricos dá abeiro. Non o teño claro, pero desta funcionou. Lembro tamén –supoño que foi ao día seguinte- que xantamos en Catoira. Pero quédanme cousas que non recordo.

Certamente que, como derradeira etapa, acampamos no piñeiral de Cabanas. Certo tamén que, ao lusco fusco, cando os rapaces se foran despois da cea dar unha volta a Pontedeume, quedei só recollendo as cousas. Nesto vexo vir cara onde eu estaba dous rapazotes con regular aspecto. Entroume un tembleque de raio. Levaba no peto do pantalón preto de sesenta mil pesetas (daquela eran cartos) da venda dos medallóns da Romaxe para pagar a Sargadelos. Por momentos tiven medo. Eu so ante o perigo. Vanse achegando. Mirábaos de esguello, como quen se fai o desentendido. Xa preto de min, un deles pídeme que lles día algo para comer. “*Pois non nos queda absolutamente nada*”, díxenlle ao tempo que ía metendo a man no peto dos cartos, que para máis inri era no esquerdo. Explíqueilles de onde viñamos e que mañá pola mañá saíamos para San Sadurniño. Entón un deles cóntame que era de Moeche, que levaba varios meses fora da casa, que os pais non sabían del... Mentres contaba a súa bendita historia a miña man esquerda seguía remexendo nos billetes. Quería sacar soamente un e darlles unha esmola, pero que non me viran o feixe de cartos. Logrei quitar o billete e dinllo ao rapaz. ¡Pobriño! Ao coller o billete de cincocentas pesetas axeonllouse diante miña case

chorando. Non lle saían as palabras para agradecerme tamaño agasallo. Eu respirei fondo ao tempo que contemplaba aquela escena tenra, inesperada e inesquecible. En poucos minutos pasei da sensación de ser un atracado a verme adorado como un santo. Sorpresas que da a vida! Despois dunha aperta de mans fóronse tomar algo. Eu quedei matinando na vida e no misterio das persoas.

No 1982 a Romaxe ía ter lugar no San Alberte (Parga). Miramos as posibilidades, pero non apetecía un sitio tan preto da casa. Callou mellor a idea de ir cara Fisterra. E así foi. Teño lembranzas pouco claras das etapas iniciais desta xira. Si recordo que un día comemos na praia de Boiro. Logo en Aguiño acomodáronse nas dependencias parroquiais. Alí estaba de cura o santo e admirado **Paco**. Iso era o sábado 24 de xullo, véspera da festa do Apóstolo. Eu tiven que virme para celebrar as Misas nas parroquias, xa que non dera con ningún amigo que me suplira como pasara os anos anteriores. Cumpridas as obrigas en Sansa, pola tarde collín de novo o pendín cara Aguiño. Tampouco agora tiñamos móbiles para estar en contacto e preguntarlles como estaban. Pero non pasou nada. Todo perfecto.

Ao día seguinte durmimos en Noia e ao outro máis non lembro se paramos na praia de Carnota ou fomos dereitamente para Corcubión, onde seguro que estivemos acampados nunha pequena área recreativa na que había un bar. Lembro este dato como triste recordo, xa que pola tarde tomei unha cervexa que me caeu coma un tiro no estómago. A súa friaxe trastornoume; pasei unha mala noite. Mal estar que seguiu todo o día seguinte. Paréceme, pero non estou seguro, que algúns foron ata o cabo Fisterra. En Corcubión visitamos a **D. Jesús** (Mestre que estivera en Sansa) e á súa familia; facilitáronnos algunhas cousas.

E decidimos levantar o vo e, nunha tirada, chegar a Miño. Que tirada! Ben cansos, paramos para comer preto da refinería (A Coruña) nun sitio pouco axeitado. Algúns para recuperar forzas polo camiño xa botaran man de bocadiños. Despois dun merecido descanso na praia de Miño, ao día seguinte chegamos a Sansa; de momento sen soñar noutra aventura.

No 1983 volvemos armala. Non quedaban moitas posibilidades para emprender novas rutas ao noso alcance. É ben sabido que a nosa situación xeográfica limítanos as saídas por terra e ábrenos o horizonte por mar; pero as bicis aínda non andaban pola auga. Liderados por **Ricardo** aprobouse ir

ata Sobrado dos Monxes. Parecía raro; pero non o era tanto para os que sabíamos que el lle tiña botado o ollo a unha rapaciña que estaba estudando na Escola Fogar e que era natural de Sobrado. Devecía por vela. Os demais tamén; pero Ricardo especialmente.

Saímos ata a carballeira de As pontes. Non houbo moi bo entendemento entre **Parra** e **Pablo Barro**. Alí a **Toñito** caeulle algo de roupa no río e tivemos que acender unha fogueira para secala xa que a precisaba para o día seguinte. Non foi doado. Esta primeira noite non resultou plácida. Na mañá arrincamos cara Guitiriz. Penosa subida pola Serra da Loba!, **Parra** non podía máis. Tiña moitas calidades, pero non a de ciclista. Houbo que abordelalo como fixera había anos con Carlos Dorado en Espiñaredo. Atamos o guiador da bici á traseira do meu coche e dinlle un alivio ata rematar a costa. Fomos chegando a piscina natural que teñen os de Guitiriz no río. Sitio un pouco apartado do pobo, pero acolledor. Pasámolo ben. En Sobrado –coa debida autorización dos frades- montamos as tendas nun amplo espazo que hai despois do portón da entrada exterior. Os rapaces buscaron información no internet que había daquela, preguntando e preguntando, para dar co paradoiro da rapaciña e vela vestida co traxe de faena e non co de festa, e comprobar así que a súa graza e fermosura era natural e non postiza. Que pillos!.

Cumprido o antollo - e por suposto visto tamén o Mosteiro por dentro-retornamos cara á casa. A parada seguinte ía ser en Miño. Pero pasou que, ao chegar a Betanzos, descubrimos que nos falta **Pablo Barro**. Vaia susto. Vou na súa busca sen saber por onde buscalo. Púxenme a dar voltas por carreiras no medio dos montes e por fin, e por milagre de Deus, encóntrome con Pablo. Estaba perdido e asustado porque, por riba do despiste que tivera, naquela zona había cabalos bravos e poida que tamén lobos. Metemos a bici no coche e arreando na procura dos outros que nos colleran moita dianteira e non os pillamos porque xa estaban en Miño. Aquí acougamos sen sobresaltos; e ao seguinte día para Sansa.

Con esta terminaron as nosas saídas. Foi unha experiencia que axudou a crear vencellos de amizade e solidariedade. Os que a viviron lémbрана como un tempo precioso, que deixou un pouso ben doce no seu espírito. Non foron sempre os mesmos, pero a maioría dos rapaces de Sansa, un ano ou outro, participaron. Eu recordo a estes:

Luis e José Manuel Gil, José Antonio de Granado, Guillermo e Elías Romero, Benito Calvo, Avelino Cinza, Carlos e Tomás de Corrás, Toñito de Agra, Pablo Barro, Toñito Parra, Toñito da Feira, Ricardo do Enxerto, Angel e Juan Gavín, Nando de Rico, José Angel de Cornide, Carlos Dorado, Pascual Folgado, Avelinito do Casal, Dario... Non ían sempre os mesmos. O número oscilaba entre dez e doce. ...

Tamén nisto fomos adiantados aos tempos. Daquela andaban en bici só os que tiñan necesidade de usar este medio; non por gusto. Os rapaces de Sansa percorreron media Galicia pedaleando por pracer, como fan hoxe tantos amantes da natureza e da bici.

Remato estes recordos cunhas verbas de **Luis Gil**, participante nos primeiros anos:

“Ramón, teño que agradecerche todo o vivido neste tempo da miña vida, e dígoche que coido que me valeu para facela mais chea e mais agarimosa. Sei moi ben que nestes momentos seria moi diferente facer algo así, case imposible. (Tiñas moitas agallas, repito)... Tamén recordo as noites de Vilarrube; (foi alí onde estreamos as novas tendas, aquelas de frontal verde, branco e negro, creo recordar). Unha desas noites Carlos Romero tamén fixo das súas a parte de cociñar, (competía con Avelino no asunto da cocina, facían unha paella moi boa); lembro unha frase que nos quedou algún tempo “CALA MOLON”. Iso foi porque un señor que non era ben do seu tempo, pasou polo camiño falándolle ás vacas, e Carlos meteuse con el, e o señor contestoulle “Cala Molon”. Estivemos toda a noite coa cantinela. En canto aos viaxes por Ortigueira, Viveiro, Foz, Ribadeo, Mondoñedo, Vilalba e Sansa, lémbrome de cousas, como que Carlos e mais eu queríamos quedar en Foz máis días pois alí coñecéramos a dúas cativas que incluso fomos o cine con elas, (por certo quedei durmido), pero os demais (non lembro quen) dixeron de marchar para Mondoñedo e así fixemos”.

Ramón Díaz Raña, 2015